

**AS PUBLICACIÓNS  
CIENTÍFICAS DA  
UNIVERSIDADE  
DE VIGO EN  
ACCESO ABERTO**

*Semana do Acceso Aberto  
23 ao 29 de outubro de 2023*



Universidade de Vigo, 19 de outubro de 2023  
Biblioteca Universitaria  
Área de Servizos Bibliométricos

## **Presentación**

## **Datos destacados**

## **Metodoloxía**

*Fontes e data de recuperación dos datos*

*Indicadores*

## **As publicacións científicas da Universidade de Vigo en acceso aberto**

*Evolución*

*Evolución comparada*

*Ámbitos temáticos*

*Impacto*

*Revistas e editoriais*

## **Índice de táboas e gráficas**

*Táboas*

*Gráficas*

## **Presentación**

A Biblioteca Universitaria de Vigo participa, un ano máis, na Semana Internacional do Acceso Aberto que se celebra do 23 ao 29 de outubro de 2023 en todo o mundo. A finalidade desta iniciativa anual é dar a coñecer e potenciar o acceso aberto no mundo académico e da investigación.

Neste contexto, a Área de Servizos Bibliométricos achega un estudo<sup>1</sup> sobre as publicacións en acceso aberto producidas polo persoal investigador da Universidade de Vigo entre 2013 e 2022.

O obxectivo é presentar os datos sobre a evolución da participación da universidade no movemento polo acceso aberto.

O acceso aberto é un movemento que promove o acceso libre e sen barreiras económicas aos resultados da actividade investigadora. Neste estudo incluímos aquelas publicacións en revistas e editoriais que ofrecen o acceso gratuíto aos seus contidos e tamén aquellas que están depositadas nalgún repositorio público.

Comenzamos cunha análise xeral da evolución do número e porcentaxe das publicacións da Universidade de Vigo e describimos esta evolución ao longo do tempo segundo os tipos de acceso aberto.

A continuación comparamos a evolución coa media mundial, europea, española e galega e cos datos das outras dúas universidades galegas.

De seguido, analizamos os ámbitos temáticos nos que publica máis en acceso aberto a Universidade de Vigo e o impacto desas publicacións en canto a citación en comparación con aqueles documentos que non están en acceso aberto.

Para rematar presentamos as revistas nas que máis artigos publicou en aberto o persoal investigador da Universidade de Vigo e a evolución da publicación en aberto nas editoriais coas que a universidade ten algún tipo de acordo ou desconto no pago por publicar.

---

<sup>1</sup> Este estudio forma parte duha serie de análises que se iniciaron en febreiro de 2018 coa publicación do documento *Universidade de Vigo: publicacións científicas en acceso aberto*

*Datos destacados*

**7464**

**Documentos da Universidade de Vigo dos anos 2013 a 2022 indexados en WOS, dispoñibles en acceso aberto**

**46,25%**

**Porcentaxe de documentos da Universidade de Vigo, dos publicados entre 2013 e 2022 e indexados en WOS, dispoñibles en acceso aberto**

**1,06**

**Impacto normalizado dos documentos da Universidade de Vigo publicados entre 2013 e 2022 indexados en WOS**

**1,35**

**Impacto normalizado dos documentos da Universidade de Vigo publicados entre 2013 e 2022, indexados en WOS, dispoñibles en acceso aberto**

**Ciencias da terra (56,71%)  
Economía e estatística (56,13%)  
Física (55,65%)**

**Ámbitos temáticos nos que a Universidade de Vigo publicou unha porcentaxe más elevada de documentos en acceso aberto entre 2013 e 2022, segundo WOS**

**Scientific reports (108 artigos)  
Plos One (107 artigos)  
Sustainability (104 artigos)**

**Revistas nas que máis artigos publicou en acceso aberto a Universidade de Vigo entre 2013 e 2022**

## Metodoloxía

### Fontes e data de recuperación dos datos

Todos os datos empregados para realizar este estudo foron descargados da base de datos Web of Science mediante a súa ferramenta de análise bibliométrico, InCites, dos días 2 ao 11 de outubro.

Incites ofrece distintos indicadores bibliométricos calculados a partir dos datos da producción científica indexada na Web of Science.

A Web of Science (WOS) é unha base de datos bibliográfica internacional e multidisciplinar que inclúe as coleccións Science Citations Index, Social Science Citation Index, Arts & Humanities Citation Index, Conference Proceedings Citation Index-Science, Conference Proceedings Citation Index-Social Science & Humanities, Book Citation Index e Emerging Sources Citation Index (ESCI).

### Indicadores

#### Número de documentos en WOS

É o número de documentos indexados en Web of Science; inclúe todas as tipoloxías documentais no período analizado.

#### Número de documentos en acceso aberto en WOS

Número de documentos indexados en Web of Science como publicacións en acceso aberto. WOS establece varias categorías de documentos en función do acceso aberto. Neste estudio optamos por respectar a denominación empregada en WOS:

1. *Gold*: artigos publicados en revistas nas que todos os artigos están en acceso aberto, con licenzas Creative Commons.
2. *Gold Hybrid*: artigos publicados con licenzas Creative Commons en revistas híbridas, é dicir, aquelas nas que non todos os seus contidos son en acceso aberto.
3. *Free to read*: artigos accesibles de xeito gratuito en revistas non identificadas como de acceso aberto ou sen licenzas Creative Commons.
4. *Green*: inclúe tres categorías de documentos depositados en repositorios e polo tanto accesibles de xeito gratuito, xa sexa na súa versión publicada, aceptada ou previa ao proceso de revisión por pares.
5. *Green Only documents*: a categoría *Green* pode solaparse con calquera das anteriores, é dicir, un documento pode ter sido publicado nunha revista híbrida (*Gold Hybrid*) e ademais estar depositado nun repositorio (*Green*). A categoría que recolle documentos en acceso aberto só porque están en repositorios denomínase *Green Only Documents*.
6. *All Open Access*: é o conxunto de documentos das catro categorías anteriores; esta é a categoría que empregamos cando utilizamos o indicador xenérico “documentos en acceso aberto”.
7. *Non-Open Access*: é o conxunto de documentos que non están incluídos en ningunha das categorías anteriores.

### *Porcentaxe de documentos en acceso aberto en WOS*

Porcentaxe de publicacións en acceso aberto con respecto ao total, e de cada unha das categorías anteriores con respecto ao total de documentos publicados pola Universidade de Vigo indexados en WOS.

### *Número de citas recibidas*

É o número de veces que un traballo foi citado nos documentos indexados en WOS. Cando nos referimos á Universidade, é a suma das citas recibidas polos traballos publicados polas persoas que forman parte da comunidade universitaria.

### *Número de citas por documento*

Para comparar o impacto das publicacións en acceso aberto co impacto das que non están en acceso aberto, calculamos a media de citas recibidas por ambos grupos de documentos por separado.

### *Porcentaxe de citas dos documentos en acceso aberto*

Para comparar o impacto das publicacións en acceso aberto co impacto das que non están en acceso aberto, calculamos a porcentaxe de citas que corresponden aos documentos en acceso aberto e comparamos ese dato coa porcentaxe de documentos publicados en aberto con respecto ao total.

### *Porcentaxe de documentos citados*

Utilizamos este indicador para os artigos publicados pola Universidade de Vigo en cada unha das revistas que se relacionan. Este número indica a porcentaxe de documentos indexados que foron citados cando menos unha vez segundo as citas recompiladas por WOS.

### *Impacto normalizado por ámbito (CNCI)*

Empregamos o indicador CNCI (Category Normalized Citation Impact) proporcionado por InCites. Este indicador calcúlase comparando as citas obtidas por un documento coa media das citas recibidas polos documentos do mesmo tipo, ano de publicación e ámbito temático. Preséntase coma un número decimal no que o valor 1 indicaría a media mundial. Así, obter un 1,2 indica que a Universidade recibe un 20% máis de citas que a media mundial, e un 0,9 indica que recibe un 10% menos que a media mundial. Os documentos que non recibiron ningunha cita, obteñen un CNCI=0.

Empregamos este indicador para comparar o impacto normalizado medio dos documentos en acceso aberto co impacto normalizado medio dos que non están en acceso aberto.

Este indicador tamén nos serve para establecer grupos de documentos e calcular a porcentaxe de documentos da Universidade que se sitúan en cada grupo. Comparamos a porcentaxe de documentos en acceso aberto e non acceso aberto en cada grupo.

Por último, incluímos tamén este indicador na relación de revistas nas que a Universidade de Vigo publicou máis artigos en acceso aberto, como media do impacto normalizado obtido por todos os artigos da Universidade publicados en cada unha das revistas entre 2013 e 2022.

*Impacto normalizado por revista (JNCI)*

O indicador JNCI compara o número de citas obtidas por un documento coa media das citas que obtiveron o total dos artigos publicados nesa mesma revista o mesmo ano. Preséntase coma un número decimal no que o valor 1 indicaría a media de citas recibidas polos artigos desa revista. Así, obter un 1,2 indicaría que ese artigo recibe un 20% máis de citas que a media da revista, e un 0,9 indicaría que recibe un 10% menos que a media.

Empregamos este indicador na relación de revistas nas que a Universidade de Vigo publicou máis artigos en acceso aberto; é a media do JNCI obtido por todos os artigos da Universidade publicados en cada unha das revistas entre 2013 e 2022.

## As publicacións científicas da Universidade de Vigo en acceso aberto


### Evolución

O número e a porcentaxe de publicacións da Universidade de Vigo en acceso aberto indexadas en WOS continúa a tendencia ascendente. No 2013 a porcentaxe de documentos en acceso aberto supoñían o 27,66% do total dese ano, e no 2022 a porcentaxe sitúase no 69,13%. Neste período, a porcentaxe de documentos publicados pola Universidade nalgunha das categorías de acceso aberto é de 46,25%.

Táboa 1. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo indexadas en WOS, do número das publicacións da Universidade de Vigo en acceso aberto indexadas en WOS e da porcentaxe de publicacións en acceso aberto

Ano	Número de documentos en Web of Science	Número de documentos en acceso aberto	% Documentos en acceso aberto
<b>2013</b>	1381	382	27,66
<b>2014</b>	1392	400	28,74
<b>2015</b>	1414	475	33,59
<b>2016</b>	1455	509	34,98
<b>2017</b>	1502	606	40,35
<b>2018</b>	1473	603	40,94
<b>2019</b>	1593	738	46,33
<b>2020</b>	1799	958	53,25
<b>2021</b>	2071	1369	66,1
<b>2022</b>	2060	1424	69,13
<b>Total</b>	16140	7464	46,25

Gráfica 1. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo indexadas en WOS, distinguiendo as que están en acceso aberto das que non están, e evolución da porcentaxe de publicacións en acceso aberto.




A continuación amosamos a evolución das publicacións en acceso aberto segundo as categorías que establece WOS. Tal como indicamos no capítulo de metodoloxía,

WOS establece varias categorías de acceso abierto, que nalgúns casos se solapan. Así, os documentos depositados en repositorios están incluídas na categoría *Green* pero poden estar tamén nalgunha das outras categorías. Na táboa e gráficos observamos o descenso das publicacións *Non-Open Access* e *Green Only* e o crecemento do resto das categorías de acceso abierto.


Táboa 2. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo por tipo de acceso abierto, segundo os datos de WOS

Ano	Non-Open Access	Gold	Gold - Hybrid	Free to Read	Green Only
2013	999	168	36	59	119
2014	992	165	34	68	133
2015	939	184	47	78	166
2016	946	204	55	77	173
2017	896	305	60	61	180
2018	870	309	45	60	189
2019	855	412	61	75	190
2020	841	622	82	59	195
2021	702	848	290	58	173
2022	636	800	430	36	158
Total	8676	4017	1140	631	1676


Gráfica 2. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo por tipo de acceso abierto, segundo os datos de WOS



Gráfica 3. Evolución da porcentaxe de documentos de cada categoría de acceso abierto con respecto ao total de documentos da Universidade de Vigo publicados entre 2013 e 2022 indexados en WOS



Gráfica 4. Distribución das publicacións da Universidade de Vigo entre 2013 e 2022 indexadas en WOS, segundo as categorías de acceso aberto



### Evolución comparada


Na táboa e na gráfica seguintes amosamos a evolución da porcentaxe de documentos da Universidade de Vigo en acceso aberto en comparación cos datos

da media mundial, media dos países da Unión Europea e Reino Unido, media de España e media do conxunto das universidades galegas.

Táboa 3. Evolución das porcentaxes de documentos en acceso aberto pola Universidade de Vigo, media mundial, media dos países da Unión Europea e Reino Unido (UE-28), media das institucións españolas e media do Sistema Universitario de Galicia (SUG)

Ano	<b>Uvigo % acceso aberto</b>	<b>Mundial % acceso aberto</b>	<b>CISUG % acceso aberto</b>	<b>España % acceso aberto</b>	<b>UE-28 % acceso aberto</b>
<b>2013</b>	27,66	27,21	32,69	33,13	31,93
<b>2014</b>	28,74	29,14	35	36,76	34,81
<b>2015</b>	33,59	31,28	36,34	39,3	37,94
<b>2016</b>	34,98	33,54	41,87	43,47	41,81
<b>2017</b>	40,35	35,81	43,42	46,31	45,07
<b>2018</b>	40,94	38,03	46,29	49,48	47,88
<b>2019</b>	46,33	40,45	50,87	52,75	51,37
<b>2020</b>	53,25	45,12	57,65	58,53	58,59
<b>2021</b>	66,1	48,35	67,44	64,22	63,11
<b>2022</b>	69,13	48,23	69,25	64,86	62,22
<b>Total</b>	<b>46,25</b>	<b>38,37</b>	<b>49,58</b>	<b>49,98</b>	<b>48,1</b>

Gráfica 5. Evolución das porcentaxes de documentos da Universidade de Vigo en acceso aberto, da media mundial, da media dos países da Unión Europea e Reino Unido (UE-28), da media das institucións españolas e da media do Sistema Universitario de Galicia (SUG)




A continuación, comparamos os datos da Universidade de Vigo cos datos das universidades de Santiago de Compostela e Coruña. O Sistema Universitario de Galicia publicou, entre 2013 e 2022, 26.695 documentos que están en acceso aberto, segundo os datos de WOS. En conxunto, supón un 49,58% das publicacións achegandose así á media das institucións españolas.

Táboa 4. Evolución do número e a porcentaxe de documentos en acceso aberto pola Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña

	Universidade de Vigo		Universidade de Santiago de Compostela		Universidade da Coruña	
Ano	Núm. doc. acceso aberto	% doc. Acceso aberto	Núm. doc. Acceso aberto	% doc. Acceso aberto	Núm. doc. acceso aberto	% doc. Acceso aberto
<b>2013</b>	382	27,66	767	36,84	323	31,95
<b>2014</b>	400	28,74	819	38,32	340	35,71
<b>2015</b>	475	33,59	884	40	404	33,67
<b>2016</b>	509	34,98	1022	45,58	526	42,45
<b>2017</b>	606	40,35	1127	45,83	540	42,15
<b>2018</b>	603	40,94	1211	49,09	619	46,61
<b>2019</b>	738	46,33	1384	54,15	793	50,35
<b>2020</b>	958	53,25	1702	62,39	864	55,56
<b>2021</b>	1369	66,1	2071	69,75	1031	66,17
<b>2022</b>	1424	69,13	1870	73,1	934	65,18
<b>Total</b>	<b>7464</b>	<b>46,25</b>	<b>12.857</b>	<b>52,68</b>	<b>6374</b>	<b>48,54</b>

Gráfica 6. Evolución do número e porcentaxe de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade da Coruña.



## Ámbitos temáticos

Para analizar a temática dos documentos indexados, escollemos Anvur, unha das clasificacións que ofrece Incites e que elabora o Consiglio Universitario Nazionale de Italia. Este sistema clasifica as fontes (revistas, actas de congresos, monografías) en 18 categorías. A categoría Multidisciplinar recolle os artigos publicados en revistas científicas multidisciplinares, como *Plos One*, *Nature*, *Science*, etc. Na gráfica seguinte amosamos a porcentaxe de documentos en acceso aberto en cada categoría.

Gráfica 7. Porcentaxe de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo entre 2013 e 2022, indexados en WOS, por ámbitos temáticos




## Impacto

Unha das formas de medir o impacto das publicacións científicas é o reconto de citas. Para este estudio empregamos tres indicadores calculados a partir do número de citas: a media de citas por documento, o impacto normalizado (CNCI) e a porcentaxe de citas recibidas polos documentos en acceso aberto.

No gráfico e táboa seguinte observamos que os documentos en acceso aberto reciben de media máis citas que os documentos que non o están. Tamén podemos comparar no gráfico o CNCI medio dos documentos en acceso aberto co CNCI medio dos documentos que non están en acceso aberto.

Por outra banda, calculamos a porcentaxe das citas que corresponde aos documentos en acceso aberto con respecto ao total de citas recibidas polas publicacións da Universidade de Vigo entre 2013 e 2022, e comparamos esa porcentaxe coa porcentaxe de documentos en acceso aberto.

Gráfica 8. Media de citas recibidas polos documentos publicados cada ano pola Universidade de Vigo, e CNCI medio dos documentos publicados cada ano, distinguindo entre os documentos que están e non están en acceso aberto




Táboa 5. Número de documentos en acceso abierto, número de citas obtidas polos documentos en acceso abierto, porcentaxe de documentos en acceso abierto e porcentaxe de citas obtidas polos documentos en acceso abierto con respecto ao total de citas recibidas polas publicacións da Universidade de Vigo entre 2013 e 2022, indexadas en WOS

Ano	Número doc en WOS	Número doc. acceso abierto	Número citas total	Número citas acceso abierto	% doc. acceso abierto	%citas acceso abierto
2013	1381	382	31836	9034	27,66	28,37%
2014	1392	400	27589	9859	28,74	35,73%
2015	1414	475	26233	10571	33,59	40,29%
2016	1455	509	29424	17844	34,98	60,64%
2017	1502	606	25270	13145	40,35	52,01%
2018	1473	603	26824	16356	40,94	60,97%
2019	1593	738	19921	10421	46,33	52,31%
2020	1799	958	23778	16236	53,25	68,28%
2021	2071	1369	19235	14032	66,10	72,95%
2022	2060	1424	7438	5199	69,13	69,89%
<b>Total</b>	<b>16140</b>	<b>7464</b>	<b>237548</b>	<b>122697</b>	<b>46,25</b>	<b>51,65%</b>

Na gráfica seguinte, amosamos a porcentaxe de documentos que se sitúan en cada categoría CNCI, desde os documentos que non recibiron ningunha cita (CNCI=0) ata aqueles con CNCI superior a 8. Os catro grupos situados na parte dereita da

gráfica inclúen os documentos que recibiron un número de citas superior á media ( $CNCI > 1$ ). Amosamos a diferenza en cada caso entre os documentos en acceso aberto e os que non o están.

Gráfica 9. Porcentaxe de documentos publicados pola Universidade de Vigo entre 2013 e 2022 en cada categoría segundo o CNCI



## Revistas e editoriais

A táboa seguinte inclúe as revistas con máis de 20 artigos da Universidade de Vigo publicados en acceso aberto entre 2013 e 2022, con datos de porcentaxe de documentos citados, impacto normalizado por ámbito temático e impacto normalizado por revista. Entre a relación das revistas destan Plos One, Scientific Reports, Sustainability e Sensors

Táboa 6. Títulos das revistas nas que a Universidade de Vigo publicou máis de 20 artigos en acceso aberto entre 2013 e 2022, coa porcentaxe dos artigos citados cando menos unha vez, e o impacto normalizado por ámbito temático (CNCI) e por revista (JNCI)

Revista	Editorial	Número artigos Universidade de Vigo	de da % Documentos citados	Impacto normalizado por ámbito (CNCI)	Impacto normalizado por revista (JNCI)
SCIENTIFIC REPORTS	NATURE PORTFOLIO	108	96,3	1,24	1,03
PLOS ONE	PUBLIC LIBRARY SCIENCE	107	98,13	0,94	0,93
SUSTAINABILITY	MDPI	104	92,31	0,69	0,94
SENSORS	MDPI	87	89,66	0,74	0,82
INTERNATIONAL JOURNAL OF ENVIRONMENTAL RESEARCH AND PUBLIC HEALTH	MDPI	83	91,57	0,68	0,80
APPLIED SCIENCES-BASEL	MDPI	79	91,14	0,79	1,35
FOODS	MDPI	77	98,7	1,50	1,50
MOLECULES	MDPI	63	88,89	0,98	1,53
ENERGIES	MDPI	52	92,31	0,49	0,98
SCIENCE OF THE TOTAL ENVIRONMENT	ELSEVIER	43	97,67	1,51	0,95
REMOTE SENSING	MDPI	43	100	0,95	0,87
IEEE ACCESS	IEEE-INST ELECTRICAL ELECTRONICS ENGINEERS INC	43	83,72	1,30	1,04
MATHEMATICS	MDPI	42	73,81	1,14	0,54
WATER	MDPI	41	90,24	0,77	1,10
INTERNATIONAL JOURNAL OF MOLECULAR SCIENCES	MDPI	37	86,49	0,53	0,77
PLANTS-BASEL	MDPI	35	88,57	1,52	1,35
ASTRONOMY & ASTROPHYSICS	EDP SCIENCES S A	35	97,14	15,59	11,70
PHYSICAL REVIEW C	AMER PHYSICAL SOC	32	96,88	1,51	0,94

<b>ANTIOXIDANTS</b>	MDPI	32	90,62	1,39	1,16
<b>MATERIALS</b>	MDPI	31	90,32	0,49	0,72
<b>FRONTIERS IN MARINE SCIENCE</b>	FRONTIERS MEDIA SA	31	90,32	0,99	1,08
<b>AGRONOMY-BASEL</b>	MDPI	31	96,77	1,10	1,03
<b>FRONTIERS IN PSYCHOLOGY</b>	FRONTIERS MEDIA SA	27	74,07	1,30	1,21
<b>FOOD CHEMISTRY</b>	ELSEVIER SCI LTD	27	92,59	2,30	1,25
<b>JOURNAL OF HUMAN SPORT AND EXERCISE</b>	UNIV ALICANTE	25	92	0,53	1,50
<b>HISTORIA Y COMUNICACION SOCIAL</b>	UNIV COMPLUTENSE MADRID, SERVICIO PUBLICACIONES	25	48	0,60	0,57
<b>NANOMATERIALS</b>	MDPI	24	100	1,16	1,54
<b>NATURE COMMUNICATIONS</b>	NATURE PORTFOLIO	24	95,83	3,55	0,87
<b>JOURNAL OF MOLECULAR LIQUIDS</b>	ELSEVIER	23	91,3	0,87	0,72
<b>PEERJ</b>	PEERJ INC	23	95,65	0,64	0,71
<b>MADRYGAL-REVISTA DE ESTUDIOS GALLEGOS</b>	UNIV COMPLUTENSE MADRID, SERVICIO PUBLICACIONES	22	9,09	0,47	0,68
<b>MARINE POLICY</b>	ELSEVIER SCI LTD	21	95,24	1,51	0,72
<b>MARINE DRUGS</b>	MDPI	20	95	2,18	1,61
<b>ATMOSPHERE</b>	MDPI	20	90	0,71	1,24



Moitas das revistas que publican artigos en acceso aberto cobran aos autores e ás autoras os gastos de edición, o que se coñece como APC (*article processing charges*). Varias editoriais teñen establecido un desconto no pago de APCs para os membros da Universidade de Vigo, ou ben, desde 2021, acordos polos que inclúen no pago das subscricións os gastos de publicación. É o que se coñece como acordos transformativos<sup>2</sup>.



Nas gráficas seguintes analizamos a evolución do número de artigos publicados pola Universidade de Vigo nas editoriais coas que ten algún tipo de acordo ou desconto para o pago por publicar. Distinguimos entre os artigos publicados en revistas en acceso aberto (*Gold*), revistas híbridas (*Gold-Hybrid*), artigos accesibles



<sup>2</sup> A Biblioteca Universitaria de Vigo ofrece un servizo de información e asesoramento sobre os descontos para publicar en acceso aberto. Tamén ofrece unha serie de guías, ás que se accede desde a guía [Descontos para publicar en acceso abierto](#)



de xeito gratuíto en revistas non identificadas como de acceso aberto ou sen licenzas Creative Commons (*Free to read*) e artigos que non están en acceso aberto (*Non-open access documents*). Observamos o destacado aumento no número de artigos publicados nas revistas híbridas (*Gold-Hybrid*).


Gráficas 10 a 18. Evolución do número de artigos da Universidade de Vigo publicados en acceso aberto nas editoriais coas que ten algún tipo de acordo ou desconto no pago por publicar, por tipo de publicación en abierto












Gráfica 19. Evolución do número de artigos da Universidade de Vigo publicados en acceso aberto nas editoriais coas que ten algún tipo de acordo ou desconto no pago por publicar



## Índice de táboas e gráficas

### Táboas

Táboa 1. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo indexadas en WOS, do número das publicacións da Universidade de Vigo en acceso aberto indexadas en WOS e da porcentaxe de publicacións en acceso aberto

Táboa 2. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo por tipo de acceso aberto, segundo os datos de WOS

Táboa 3. Evolución das porcentaxes de documentos en acceso aberto pola Universidade de Vigo, media mundial, media dos países da Unión Europea e Reino Unido (UE-28), media das institucións españolas e media do Sistema Universitario de Galicia (SUG)

Táboa 4. Evolución do número e a porcentaxe de documentos en acceso aberto pola Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña

Táboa 5. Número de documentos en acceso aberto, número de citas obtidas polos documentos en acceso aberto, porcentaxe de documentos en acceso aberto e porcentaxe de citas obtidas polos documentos en acceso aberto con respecto ao total de citas recibidas polas publicacións da Universidade de Vigo entre 2013 e 2022, indexadas en WOS

Táboa 6. Títulos das revistas nas que a Universidade de Vigo publicou máis de 15 artigos en acceso aberto entre 2013 e 2022, coa porcentaxe dos artigos citados cando menos unha vez, e o impacto normalizado por ámbito temático (CNCI) e por revista (JNCI)

### Gráficas

Gráfica 1. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo indexadas en WOS, distinguiendo as que están en acceso aberto das que non están, e evolución da porcentaxe de publicacións en acceso aberto

Gráfica 2. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo por tipo de acceso aberto, segundo os datos de WOS

Gráfica 3. Evolución da porcentaxe de documentos de cada categoría de acceso aberto con respecto ao total de documentos da Universidade de Vigo publicados entre 2013 e 2022 indexados en WOS

Gráfica 4. Distribución das publicacións da Universidade de Vigo entre 2013 e 2022 indexadas en WOS, segundo as categorías de acceso aberto

Gráfica 5. Evolución das porcentaxes de documentos da Universidade de Vigo en acceso aberto, da media mundial, da media dos países da Unión Europea e Reino Unido (UE-28), da media das institucións españolas e da media do Sistema Universitario de Galicia (SUG)

Gráfica 6. Evolución do número e porcentaxe de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo, pola Universidade de Santiago de Compostela e pola Universidade da Coruña

Gráfica 7. Porcentaxe de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo entre 2013 e 2022, indexados en WOS, por ámbitos temáticos

Gráfica 8. Media de citas recibidas polos documentos publicados cada ano pola Universidade de Vigo, e CNCI medio dos documentos publicados cada ano, distinguiendo entre os documentos que están e non están en acceso aberto

Gráfica 9. Porcentaxe de documentos publicados pola Universidade de Vigo entre 2013 e 2022 en cada categoría segundo o CNCI

Gráficas 10 a 18. Evolución do número de artigos da Universidade de Vigo publicados en acceso aberto nas editoriais coas que ten algún tipo de acordo ou desconto no pago por publicar, por tipo de publicación en aberto

Gráfica 19. Evolución do número de artigos da Universidade de Vigo publicados en acceso aberto nas editoriais coas que ten algún tipo de acuerdo ou desconto no pago por publicar

